



**CONCELLO DE ORDES**  
**(A CORUÑA)**

**PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (3) PEÓNS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS (EXP. 2018000008646)**

**RECLAMACION Primeira Fase: Méritos**

En Ordes, a 6 de xullo de 2018, sendo as nove horas réunese na Área de Tesourería do Concello o Tribunal que ha de xulgar a **SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (3) PEÓNS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS**, convocada por resolución de alcaldía de data 5 de xuño de 2018.

Asiches o Sr. Presidente Jesús Carreira Salvadores (Tesoureiro municipal) e os vogais Srs.:

- Ramiro Rama Figueira, capataz da brigada municipal de obras.
- María Tembra Túdez, técnica de cultura.

Non asiste:

- Yolanda Cela Villaverde, técnica local de emprego.

Actúa como Secretario do Tribunal, Yolanda Castro Mosquera, funcionaria do Concello de Ordes.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose a dar conta das reclamacións suscitadas á valoración provisional realizada correspondente á Primeira Fase, méritos:

- **MANUEL GIL GÓMEZ**, con DNI nº 76333153V, presentada con data 03/07/2018, rexistro de entrada nº 3881.
- **JOSÉ MANUEL FERREIRO DEL RÍO**, con DNI nº 76351644Q, presentada con data 03/07/2018, rexistro de entrada nº 3883.
- **JOSÉ ANTONIO LAGARES GARCIA**, con DNI nº 76327351B, presentada con data 03/07/2018, rexistro de entrada nº 3884.
- **JUAN ATONIO BOTANA VILLAVERDE**, con DNI nº 46907841P, presentada con data 03/07/2018, rexistro de entrada nº 3884.

**RECLAMACIÓN PRESENTADA POR MANUEL GIL GÓMEZ**

Solicita a valoración do mérito servizos prestados como persoal estatutario ou laboral na Administración Pública xuntando coa reclamación certificación, de data 27/06/2018, de servizos prestados no Concello de Ordes.

Unicamente poden ser obxecto de valoración os méritos alegados e xustificados polos aspirantes dentro do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo. Non poden



## **CONCELLO DE ORDES**

**(A CORUÑA)**

ser obxecto de valoración os méritos aportados polos aspirantes unha vez que por este Tribunal se fixo unha valoración dos mesmos, no trámite de reclamacións da valoración efectuada, aportando nova documentación.

O Tribunal acorda desestimar a reclamación presentada por Manuel Gil Gómez, sendo correcta a valoración do mérito servizos prestados.

### **RECLAMACIÓN PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL FERREIRO DEL RÍO**

Solicita a revisión do mérito servizos prestados fora da Administración pública por conta allea, ao non lle ter sido valorado o certificado de empresa emitido por CRC OBRAS Y SERVICISO, S.L., de data 13/06/2018, polo desempeño do posto de Oficial Primeira, maquinista.

Únicamente foron valorados no apartado servizos prestados fora da Administración pública por conta allea a documentación aportada polos aspirantes da que se desprende que a experiencia laboral está directamente relacionada coas funcións da praza ou posto a cubrir.

O desempeño dun posto de Oficial Primeira, maquinista, non garda relación coas funcións do posto a cubrir que é a execución de obras de competencia municipal.

O Tribunal acorda desestimar a reclamación presentada por José Manuel Ferreiro del Río, sendo correcta a valoración do mérito servizos prestados fora da Administración pública.

### **RECLAMACIÓN PRESENTADA POR JOSÉ ANTONIO LAGARES GARCÍA**

Solicita a valoración do mérito servizos prestados como persoal estatutario ou laboral na Administración Pública xuntando coa reclamación certificación, de data 27/06/2018, de servizos prestados no Concello de Ordes.

Unicamente poden ser obxecto de valoración os méritos alegados e xustificados polos aspirantes dentro do prazo de presentación de solicitudes de participación No proceso selectivo. Non poden ser obxecto de valoración os méritos aportados polos aspirantes unha vez que por este Tribunal se fixo unha valoración dos mesmos, no trámite de reclamacións da valoración efectuada, aportando nova documentación.

O Tribunal acorda desestimar a reclamación presentada por José Antonio Lagares García, sendo correcta a valoración do mérito servizos prestados.

### **RECLAMACIÓN PRESENTADA POR JUAN ANTONIO BOTANA VILLAVERDE**

Solicita a revisión do mérito servizos prestados fora da Administración pública por conta allea, ao non lle ter sido valorados completamente o certificado de empresa emitido por CONSTRUCCIONES COMBOMAR, S.L., de data 18/02/2011, polo desempeño do posto de albanel-oficial, o certificado de empresa emitido por CONSTRUCCIONES COMBOMAR, S.L., de data 04/10/2007, polo desempeño do posto de peón, e o certificado de empresa emitido por CONSTRUCCIONES Y REFORMAS ANEIRO, S.L., de data 14/04/2017, polo desempeño do posto de albanel.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Advertido erro na valoración dos certificados anteriores, ao unicamente ser computados os períodos de traballo correspondentes ás bases de cotización dos últimos cento oitenta días precedentes ás datas de extinción de cada un dos contratos.

O Tribunal acorda estimar a reclamación presentada por Juan Antonio Botana Villaverde, procedendo a unha valoración do mérito servizos prestados fora da Administración pública por conta allea, outorgándolle unha puntuación á valoración deste mérito de 2 puntos.

Polo Tribunal procédese á formulación da lista final de valoración de méritos dos aspirantes admitidos a participar neste procedemento selectivo:

ASPIRANTE	DNI / NIE	Servizos prestados	Cursos de formación	Coñecemento da lingua Galega	Total
Botana Villaverde, Juan Antonio	46907841P	2,00	1,00	0,50	3,50
Vilariño Ferreiro, Lino	76338824F	2,00	1,00	0,00	3,00
Ríos Pena, Juan Carlos	79315994B	1,38	0,00	0,00	1,38
Rincón Ruíz, Franciso Javier	02600589W	0,00	1,00	0,00	1,00
Liste Otero, Camilo	76357364D	0,00	1,00	0,00	1,00
Ramos Sánchez, Juan Carlos	79315072D	0,00	0,30	0,50	0,80
Ferreiro del Río, José Manuel	76351644Q	0,00	0,80	0,00	0,80
Cerdeiriña Sánchez, Luis Antonio	3277073H	0,00	0,10	0,50	0,60
Raña Castro, Juan Manuel	44822369S	0,00	0,50	0,00	0,50
Boo Mosquera, María del Carmen	34893744F	0,50	0,00	0,00	0,50
Louro Ríos, Cándido	76351723A	0,39	0,10	0,00	0,49
Silva Louro, José Antonio	32426767X	0,00	0,00	0,00	0,00
Rial Couselo, Juan Antonio	14596000Q	0,00	0,00	0,00	0,00
Paz Villaverde, José Abel	78805594G	0,00	0,00	0,00	0,00
Paz Silva, Oscar Miguel	47381759B	0,00	0,00	0,00	0,00
Miras Ferreiro, Manuel Fernando	76357861T	0,00	0,00	0,00	0,00
Lagares García, José Antonio	76327351B	0,00	0,00	0,00	0,00
Gil Gómez, Manuel	76333153V	0,00	0,00	0,00	0,00

**RECURSOS:** Contra o acordo do Tribunal de Selección resolvendo as reclamacións suscitadas poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por terminado o acto, dispoñendo o Presidente que se redacte a presente acta que subscriben os membros do Tribunal. Sendo as nove horas e trinta minutos do día ao principio sinalado, de todo o cal certifico.

O Presidente

  
Jesús Carreira Salvadores

A Secretaria

  
Yolanda Castro Mosquera